



De Diplomatura a Título de Grado: implicacións da reforma universitaria

O ano 2010 foi o que se determinou para que todas as titulacións do sistema universitario español se adaptasen ao denominado Espazo Europeo de Educación Superior (EEES). O Ceesg, sendo coñecedor da importancia do proceso, amén de ser un colexio profesional preocupado por todo o relacionado coa profesión de Educación Social, quixo ser partícipe de todo o proceso: dende a participación activa na elaboración dos novos plans de estudo do Grado en Educación Social ata dar resposta a esas múltiples dúbidas que xorden entre as colexiadas e colexiados diplomadas/os ante unha reforma de tal envergadura coma esta.

O Ceesg, nese obxectivo de velar pola profesión e por suposto das/dos profesionais, organizou o pasado día 17 de setembro unha charla-coloquio con Bernat Quetglas Escalas, que foi o responsable, por encargo do *Consejo General de Colegios Oficiales de Educadoras y Educadores Sociales*, xunto cunha equipa, de coordinar a recollida de información desde as diferentes Comunidades Autónomas sobre o estado actual do proceso para a adquisición do título de Grado en Educación Social por parte das diplomadas e diplomados e así establecer unha postura común ante unha posible negociación coas distintas universidades. Esta equipa foi a encargada, tamén, de recopilar e coordinar toda a información posible sobre o acceso das diplomadas e diplomados en Educación Social aos futuros Masters en Educación que se configuraron co proceso de Bolonia.

Resumidamente neste artigo recolleemos algúns dos temas tratados na charla.

Comentou na súa intervención que o proceso de acceso das diplomadas e diplomados en Educación Social á adquisición do título de grado non pode darse por pechado, xa que, salvo excepcións como a da Universidade de Santiago que puxo en marcha un curso ponte, a maioría de universidades aínda non formularon de forma definitiva (de feito algunhas nin o formularon) cómo van posibilitar o acceso ás diplomadas e diplomados ao título de grado, non só na nosa titulación senón en ningunha dos estudos das diplomaturas que se extinguirán, segundo marca o Ministerio, no ano 2015.

Bernat explicou que as universidades van abrir a posibilidade de poder pasar de diplomadas e diplomados a graduadas e graduados, e cada unha o fará no momento que crea oportuno, que como moi tarde será no ano 2015, ano no que se extinguirán definitivamente os estudos de diplomatura e licenciatura no noso país tal e como marcan os acordos de Bolonia.

Deixou claro que é un tema que, polo de agora, preocupa pouco ás universidades xa que teñen catro anos por diante (non van saír novos graduadas/os en Educación Social ata que a primeira promoción de graduadas e graduados finalice os estudos iniciados no curso 2009-2010).

Bernat seguiu o seu discurso dicindo que as Universidades non van deixar pasar a oportunidade que se lles presenta de obter ingresos mediante matriculacións, taxas, aperturas de expedientes, etc.,... o que non está claro é a forma e os requisitos que vai impor cada universidade, requisitos que deberemos cumprir as tituladas e titulados que queremos optar ao grado.

No seu momento, a Conferencia de Decanos e Directores de Maxisterio e Educación propuxo a convalidación directa do título de grado para todas as persoas diplomadas en Educación Social que acreditasen cinco anos de exercicio profesional como educadoras/es sociais. Este aspecto entra de cheo noutro proceso impulsado desde Europa, cuxa posta en marcha é moito máis lenta que a do Espazo Educativo Europeo, que é o da Validación das Aprendizaxes Adquiridas desde a Experiencia¹, que foi iniciada en varios países de Europa, como Francia, moito antes da entrada en vigor do EEES.

Bernat explicou a postura do CGCEES, dicindo que ten que ser a de defender a validación e a formación realizada polas persoas, tendo como marxe a negociación da realización dun proxecto de investigación (como propoñen nas Universidades de Estremadura e Baleares). Esta negociación, claro está, depende de que realmente poida ter lugar un traballo conxunto coas universidades; a experiencia no deseño dos estudos de grado fai que as expectativas non sexan nada prometedoras neste sentido.

Falou do oportunismo da Universidade de Santiago coa creación do curso ponte xa que marca como contidos do curso de adaptación 60 créditos, é dicir, un ano académico enteiro (cabe recordar que o grado en Educación Social son 240 créditos) Dito doutro modo, as persoas que o fagan van realizar o Grado. A Universidade de Santiago disfrazao de curso de adaptación, pero isto non é validar, é realizar os estudos de grado da mesma maneira que os estudantes que o iniciaron no curso 2009/2010. Outra mostra de oportunismo, tal e como dicía Bernat, é poñer como prazo no que se poderá realizar dito curso 4 anos, os mesmos que quedan para a extinción dos estudos de diplomatura en Educación Social, isto supón que as persoas que finalicen os seus estudos de diplomatura en Educación Social no 2015 (dentro dos prazos marcados polo Ministerio de Educación) xa non poderán optar ao título de grado.

Sobre o encargo dos masters, comentou que a equipa se centrou na argumentación e redacción dun documento presentado ao Ministerio sobre a necesidade de eximir ás diplomadas e diplomados en Educación Social da obrigatoriedade de realizar o Curso de Adaptación ao Profesorado (CAP).

Dende o Ceesg damos as grazas a Bernat Quetglas pola sesión informativa e polas horas compartidas con el, reflexionado en prol da Educación Social.

Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia

1. O Goberno español aprobou o verán pasado o "R.D. 1224/2009, de acreditación das competencias profesionais adquiridas pola experiencia laboral e vías de formación non formal", que é o primeiro paso dentro dun proceso a nivel europeo que permite validar competencias adquiridas por experiencia laboral nos niveis 1, 2 e 3 e que, cando finalice, permitirá acreditarlas en todos os niveis profesionais (incluídos os niveis 4 e 5 que requiren formación universitaria).

ACTUACIÓNS REALIZADAS

- Escrito ao Concello de Catoira, en relación á praza de "Técnico/a en prevención de drogodependencias e adestrador deportivo", con bases publicadas no BOP de Pontevedra do 16 de setembro. Sinalamos que o perfil máis indicado para o desenvolvemento deste posto é o de educador/a social.
- Asistencia á presentación oficial do *Colegio Profesional de Educadoras y Educadores Sociales de la Comunidad de Madrid* (CPEESM), que tivo lugar o día 4 de outubro.
- Asistencia ao Pleno Extraordinario da Unión Profesional de Galicia, que tivo lugar en Santiago de Compostela o día 8 de outubro.
- Revisión do proxecto de Decreto polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento. Fíxose unha reunión de traballo na Coruña o día 7 de outubro e enviáronse as achegas e observacións do Ceesg á Consellería de Traballo e Benestar o día 14.
- Reunión coa Subdirección Xeral de Inclusión Social e Cooperación coas corporacións locais, na que se trataron asuntos como: a realización de informes por educadores/as sociais, acceso de profesionais ao Matis, educación familiar, e mapa de servizos sociais. Tivo lugar o día 21 de outubro en Santiago de Compostela.
- Asistencia e participación na Xornada técnica: *Colexios profesionais, adaptación á directiva europea de servizos*, organizada por Unión Profesional de Galicia. Tivo lugar o día 22 de outubro en Santiago de Compostela.
- Reunión de Xunta de Goberno o día 29 de outubro, na sede do Ceesg.

ARTIGO DE INTERESE: Desenvolvemento da Lei de Servizos Sociais

Hai aproximadamente catro anos comezaba o proceso que levou á consecución da actual Lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia.

Naquel entón, o Ceesg implicouse de cheo para facer as achegas e observacións que consideramos relevantes a cada un dos borradores que foron publicándose, creando incluso unha comisión específica para isto.

Neste momento, a Xunta de Galicia está a traballar nas normas que desenvolven esta lei tan relevante non só para calquera profesional do eido, senón para toda a sociedade.

Nas últimas semanas temos recibido tres proxectos de decreto importantes, en trámite de audiencia:

- polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento;
- polo que se aproban os estatutos da Axencia Galega de Servizos Sociais, e
- polo que se desenvolve a Lei 13/2008 de Servi-

zos Sociais de Galicia no relativo aos órganos consultivos e de participación.

É de especial relevancia o proxecto de decreto que regula os servizos sociais comunitarios, pois nel establécense, entre outras cousas, os seus programas básicos e a dotación dos distintos perfís profesionais nos equipos municipais.

Co escaso tempo que permite o trámite de audiencia (15 días hábiles), estamos procurando facer un traballo o máis meticuloso posible, velando sempre pola cidadanía (como destinataria dos servizos sociais), polas/os profesionais que forman parte do sistema de benestar, e en especial, polas educadoras e educadores sociais que desenvolven o seu labor profesional no eido dos servizos sociais.



Participa no Boletín do Ceesg enviando o teu "Artigo de interese" a ceesg@ceesg.org



NOVAS DO FORO 2010:

- ✓ A organización do Foro 2010 require de persoas voluntarias que, coma nos foros sociais mundiais, continentais e temáticos, desempeñan un papel fundamental para a súa realización. Se queres ser voluntario ou voluntaria, accede á web do foro (foro2010.org) e cubre o formulario que hai a tal efecto (sección "Voluntariado"). Como contraprestación por ser voluntaria/o, poderás **asistir de balde a todo o Foro** e recibirás a acreditación académica correspondente. Para as persoas de fóra de Santiago de Compostela, a organización non ten nestes intres capacidade de aloxamento para o voluntariado nin posibilidade de cubrir gastos de viaxe. De todos xeitos, tamén aceptan voluntarios e voluntarias doutras partes do planeta se teñen capacidade para estar en Compostela. É importante indicar que días concretos estarán.
- ✓ O prazo de inscrición no Foro está aberto ata o día **21 de novembro**.

GALISENIOR. VII Salón galego das persoas maiores

Contido: Salón feiral dirixido a persoas de idade avanzada, as súas familias e o sector profesional. Para os profesionais acollerá un completo programa de Xornadas Técnicas nas terán cabida conferencias, mesas redondas e seminarios. O Ceesg forma parte do Comité Asesor de Galisenior.

Lugar e datas: Ourense (Expourense), 19 e 20 de novembro. **Información:** www.galisenior.es

CURSOS DA UNED E INSTITUTO OPCIÓN 3

DESCONTOS A COLEXIADAS/OS CEESG

Cursos	Prezo total	20% desconto	Duración
Experto profesional en Intervención socioeducativa con adolescentes e mozos/as en dificultade social.	780 €	140 €	Xaneiro-novembro 2011
Diploma de actualización profesional en Intervención socioeducativa con nenos e adolescentes con trastornos de conduta.	550 €	98 €	Xaneiro-setembro 2011
Experto profesional en Intervención socioeducativa con infancia en risco.	780 €	140 €	Febreiro-novembro 2011

Cotas: Desconto dun 20% a persoas colexiadas no Ceesg en cinco prazas de calquera dos tres cursos, mentres non se completasen.

Inscripción: Por un lado, enviar o **Boletín de solicitude de impresos de matrícula** que aparece no folleto do curso que che interese e envíalo á **Fundación UNED** (os datos de contacto indícanse tamén no propio folleto) O folleto está dispoñible en www.institutoopcion3.es. Por outro lado, enviar un **email ao Ceesg** indicando o teu **nome, apelidos e DNI**, e o **curso no que desexas matricularte**. Reserva por orde de matriculación.

Información académica: Instituto Opción 3 e Fundación UNED | Tlfs.: 669059603 / 913339109 / 913988898
io3@institutoopcion3.es | mmelendro@edu.uned.es | www.institutoopcion3.es

ESCOLA DE OUTONO. Avaliación e informe en Educación Social

DESCONTOS A COLEXIADAS/OS CEESG

Organiza: Ceesg

Contido: É obxecto da Escola de Outono abordar o concepto e o sentido da avaliación no eido da Educación Social. Nas mesas redondas afondarase naqueles espazos nos que educadoras e educadores sociais temos máis presenza. Tamén contaremos con representantes das universidades, e desenvolveranse simultaneamente dous obradoiros de “Teatro do Real” e “Estrazaforum”.

Lugar e datas: Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago (Campus Sur) os días 18 e 19 de novembro.

Cotas: Colexiadas/os Ceesg: 30 €. Estudantes: 40 €. Xeral: 50 €.

Inscripcións e información: Ceesg | ceesg@ceesg.org | ceesg.org | Tlf. 98155206

NOVAS DOS BOLETÍNS

EMPREGO

Concello de Redondela (Pontevedra): Anuncio da rectificación das bases específicas dunha praza de Técnico/a de orientación laboral publicadas no BOP de 24 de xuño, admitindo tamén a titulación de Educación Social. DOG 6/10/10. No BOE de 19/10/10 publícase o anuncio de convocatoria, con rectificación de erros nos BOE de 21/10/10 e 23/10/10.

Concello de Xermade (Lugo): Corrección de erros das bases xerais e específicas de varias prazas, entre as que hai unha de Educador/a familiar e unha de Técnico/a local de emprego. BOP 13/10/10

Concello de Brión (A Coruña): Bases específicas de selección de persoal laboral fixo para o acceso a unha praza vacante de Animador/a cultural, en procedemento de consolidación de emprego temporal. BOP 15/10/10

Concello de Salceda de Caselas (Pontevedra): Oferta de emprego público. Un posto de Técnico/a Oficina Información Xuvenil - Técnico medio, e un posto de Axente Desenvolvemento Local – Técnico. BOP 19/10/10 e DOG 26/10/10

Concello de Barco de Valedorras (Ourense): Oferta de emprego público. Un posto de Animador/a socioeducativo/a. BOP 22/10/10

Concello de Arteixo (A Coruña): Anuncio das bases dun posto de Dinamizador/a social publicadas no BOP de 8/09/10. DOG 21/10/10

OUTROS

Consellería de Sanidade: Decreto 163/2010, de 16 de setembro, polo que se crea o Observatorio de violencia no entorno laboral das institucións sanitarias do SERGAS. DOG 5/10/10

Concello de Lalín (Pontevedra): VIII Concurso de cartas “Dillo a quen maltrata”. BOP 19/10/10

Deputación de Pontevedra: Premio Carmen Ferro, a iniciativas de inserción sociolaboral ou social das persoas que presentan algunha discapacidade física, psíquica ou sensorial. BOP 08/10/10

Ministerio de Sanidade e Política Social: Orde pola que se regulan e convocan subvencións a entidades que realicen actividades en defensa das vítimas do terrorismo. BOE 08/10/10

Ministerio de Igualdade: Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión dos Premios Nacionais de Xuventude. BOE 14/10/10

Ministerio de Educación: Resolución pola que se convocan axudas para participar na actividade de «Centros de Educación Ambiental» durante o ano 2011. BOE 22/10/10

Ministerio de Educación: Resolución pola que se convocan axudas para participar na actividade de recuperación e utilización educativa de pobos abandonados durante o período lectivo de 2011. BOE 22/10/10

Xefatura do Estado: Lei 36/2010, de 22 de outubro, do Fondo para a Promoción do Desenvolvemento. BOE 23/10/10

Presidencia da Xunta de Galicia: Lei 7/2010, de 15 de outubro, pola que se suprime o organismo autónomo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e a Muller e se modifican determinados artigos da Lei 2/2007, de 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia. DOG 27/10/10